

# PARÁMETROS DE BASE SEMÁNTICA PARA A DESCRICIÓN E ANÁLISE DE CONSTRUCIÓN INTRANSITIVAS EN GALEGO

XOSÉ SOTO ANDIÓ  
Universidade de Santiago de Compostela

## 1. INTRODUCCIÓN

Neste traballo imos estudar os principais parámetros de base semántica que serven para describir e analizar construcións intransitivas. Aínda que a nosa investigación<sup>1</sup> se centra nunha lingua particular coma o galego, tamén se pode aplicar, *mutatis mutandis*, a outras linguas (portugués, castelán, catalán...); de feito, boa parte da bibliografía que manexamos e contrastamos procede destes idiomas.

O presente artigo aborda parámetros prototípicos de base semántica, pero para describir e analizar construcións intransitivas tamén se bota man de parámetros de base propiamente sintáctica, que non son agora obxecto da nosa atención e que serían en síntese (como se indica máis abaixo) o esquema sintáctico, as funcións sintácticas, a voz, o carácter pronominal da construción, o tipo e subtipo de unidade do suxeito e do complemento, e a orde de elementos.

Deseguido, explicaremos brevemente o noso marco teórico fundamentado na *construción* e a partir de aquí veremos, dun xeito conciso, que concepto de intransitividade manexamos e a que cláusulas aplicamos a etiqueta de intransitivas e os parámetros expostos. Despois entraremos propiamente no núcleo temático que dá título a este artigo.

## 2. A NOCIÓN DE INTRANSITIVIDADE E A CONSTRUCIÓN: CONSTRUCIÓN INTRANSITIVAS *VERSUS* TRANSITIVAS

A pesar de que galego, portugués, catalán ou castelán son linguas de tipo acusativo, fértiles en construcións transitivas, a intransitividade como noción abstracta e as construcións intransitivas como actualización desa noción teñen tamén un papel fundamental á hora de os falantes conceptualizaren a realidade a través destes sistemas lingüísticos. Se ben a transiti-

1. Este traballo é unha parte do segundo capítulo da nosa tese de doutoramento titulada *Construcións intransitivas. Contribución a un dicionario analítico de construcións verbais en galego*, que neste momento está sendo revisada para a súa lectura e defensa.

vidade foi obxecto de múltiples traballos, a intransitividade non xerou demasiados estudos monográficos.

Nos manuais de gramática tradicional coma o de Bello (1984: 233), RAE (1983: 377), Saco e Arce (1967<sup>2</sup>: 184), Vázquez Cuesta / Mendes da Luz (1971: 518), Cunha / Cintra (1984: 136), o criterio máis recorrente para delimitar estruturas transitivas e intransitivas é o da presenza/ausencia de complemento directo na cláusula (oración ou proposición en sentido tradicional). Porén trátase dun criterio só formal, de aí que a pesar de esta aportación supoñer para nós unha das probas clave para discriminar a noción que aquí nos ocupa, debemos precisar que para distinguir unha estrutura intransitiva doutra transitiva, máis ca notar presenza/ausencia de certa función sintáctica, temos de comprobar se se producen variacións nos esquemas semánticos e sintácticos de ambos tipos de estruturas, así coma nos seus valores aspectuais.

Na tradición gramatical, a intransitividade está caracterizada como un fenómeno inherente a una determinada clase de verbos, sobre todo os denominados «intransitivos», «intransitivos por natureza» e ás veces os «transitivos sen complemento directo». En relación co feito de considerar a intransitividade como propiedade dos verbos, convén engadir que para nós os verbos non son de seu intransitivos nin transitivos, sono as construcións, por iso un verbo como *lostrregar* o tratamos como un predicado de construción intransitiva e non como un verbo intransitivo. Por tanto, a intransitividade situámola non no nivel das clases de palabra senón no da construción. Na nosa opinión isto debería reflectilo tamén o lexicón ou dicionario nas entradas. Canto aos chamados pola tradición gramatical verbos transitivos sen complemento directo como *pintar*, *ler*, *escribir*, *beber*... forman en realidade dous tipos de construcións, unha intransitiva e outra transitiva. A primeira prodúcese cando o verbo adquire un significado pleno e designa caracterización do suxeito, hábito, e manifesta tamén valor aspectual atélico (vgr. *María pinta* → *María é pintora*; *María bebe* → *María ten o hábito de beber*). A segunda témola naquelas construcións que reflecten unha actividade ocasional e valor aspectual télico, cun compl. directo e un papel semántico de obxecto / afectado / resultado, moi latente e deducible do contexto (vgr. *limpou [a casa]*, *pintou [algo]* e *preparou a comida*).

Na gramática tradicional a intransitividade móstrase a miúdo como un concepto sintáctico flutuante entre os chamados verbos intransitivos e os verbos transitivos sen complemento directo. En relación con isto, comprobamos que o fenómeno da intransitividade restrínxese xeralmente a un compartimento estanco, o dos verbos intransitivos ou transitivos sen compl. directo fronte ao dos verbos transitivos, e diferenciada do ámbito das construcións ceroargumentais (neva, chove), pronominais, impersonais, atributivas e pasivas, que tamén se chegan a intransitivizar (Givon 1992: 552; Dixon / Aikhenvald, 2000),<sup>2</sup> e que poden ser cualificadas como construcións intransitivas.

Observamos que os conceptos de transitividade e intransitividade se manexan en moitas ocasións asociados ao significado etimolóxico desta palabra (*transitivo* < TRANSIRE, idea de paso ou tránsito cara a outra entidade e por tanto de que no verbo se expresa unha acción que vai máis alá del, cara a outro argumento; a intransitividade sería o contrario). Pero este criterio no sempre se cumpre, xa que hai construcións que manifestan paso ou tránsito e non por iso as cualificamos de transitivas, como sucede coas atributivas e as de estado, identificación, existencia (vgr. *María parece lista*; *Xosé é avogado*; *o can está enfermo*; *no monte abundan os toxos*); e existen outras construcións que podendo ser transitivas non manifestan a idea de

2. T. Givon analiza polo miúdo algúns procesos de intransitivización en relación coa voz. Dixon / Aikhenvald estudan linguas que incrementan ou reducen o número de argumentos cando a cláusula se volve causativa, pasiva, reflexiva, impersonal, ou por derivación cando se engaden prefixos e sufixos ao verbo, etc.

tránsito cara a outra entidade, como son as reflexivas, nas que a acción queda no suxeito (vgr. *María lávase e Xoán peitéase*). Por outra banda, as definicións polas que a transitividade é a propiedade semántica daqueles verbos que expresan unha acción que transita dun axente ata un paciente ou término, non xustifican por que existen construcións transitivas e intransitivas con verbos que non designan acción, nin construcións que requiren complementación sen implicaren a actuación dun axente sobre un paciente, nin por último construcións co papel de paciente ou afectado sobre as que non actúa un axente (vgr. *enfermar, padecer*).

Fronte ao anterior, algunhas correntes da lingüística actual coma o funcionalismo de Dik (1997<sup>2</sup>) e a gramática sistémica de Halliday (1994) prestan especial atención ás dimensións sintáctica, semántica e pragmática ou informativa así como á súa interrelación, algo que tamén nós defendemos. Particularmente hai tendencias da gramática léxica funcional (Dalrymple 1999) que vinculan sintaxe e semántica ao subliñaren a necesaria correspondencia entre os papeis temáticos desempeñados polos argumentos e as funcións gramaticais. En xeral sosteñen ademais que os fenómenos de transitividade e intransitividade se han de aplicar á cláusula na súa totalidade e non só ao verbo.

O xenerativismo de autores como Hernaz / Brucart (1987) así coma o funcionalismo de Blinkenberg (proxeitado en Cano Aguilar), o do propio Cano Aguilar (1987) e Vilela (1999) valoran e toman como base a construción ao estableceren unha vinculación sintáctico-semántica entre verbo e complementación cando sinalan que o termo transitivo implica unha face semántica, que é o carácter incompleto do verbo, e unha face sintáctica, que é a cohesión estrutural entre os elementos da oración; por iso a transitividade abrangue non só as estruturas de complemento directo senón tamén as de complemento indirecto, circunstancial e complemento prepositivo. Este punto de vista supón unha consideración restrinxida da intransitividade e afástase dos presupostos que estamos a defender neste traballo.

A gramática de casos representada entre outros por Fillmore (1968), Taylor (1976) e Feuillet (1980) parte dunhas funcións semánticas universais (casos profundos) como son o axentivo, factitivo, resultativo, dativo, estativo, locativo... que xeran unhas determinadas funcións sintácticas superficiais (suxeito, obxecto indirecto, etc.). Dende esta perspectiva a intransitividade vese como noción máis semántica ca sintáctica, noción que implicaría a ausencia de certos papeis semánticos na construción.

A gramática relacional de Perlmutter (1980) e Comrie (1989) defende que as estruturas intransitivas derivan sintacticamente das transitivas básicas a partir da promoción do complemento directo a suxeito, o que significa que existe unha función suxeito superficial que se corresponde cun complemento directo da estrutura profunda (vgr. *María abanea a maceira / a maceira abanea*).

A gramática prototípica, con figuras como Hopper / Thomson (1980) e Givon (1990), examina a intransitividade como un continuo que vai dende a máis alta transitividade ata a máis baixa transitividade, onde estarían supostamente as construcións intransitivas; isto significa negar a posible oposición entre as dúas nocións e entre os dous tipos de construcións.

A gramática da construción e a gramática cognitiva, nas que podemos destacar a Langacker (1991), Kay (1997), Golberg (1995), céntrase na construción e pretende asociar o plano sintáctico co semántico, non separar a lingua das restantes habilidades cognitivas e ter en conta a relación entre o léxico e a gramática así como a relación entre a experiencia humana e a gramática, algo que nos parece o máis axeitado para o estudo das estruturas intransitivas e transitivas.

As gramáticas de linguas minorizadas como as do galego ou a do catalán de Badia i Margarit permiten tamén extraer algúns datos sobre esta cuestión. A gramática de Badia (1995: 247-302) aplica a transitividade a estruturas que precisan de complemento directo para com-

pletar o seu sentido, daquela parece deducirse que as construcións sen complemento directo entrarían na dimensión da intransitividade. Amais disto, fronte a outros investigadores como Vilela (1999<sup>2</sup>: 71) ou Freixeiro (2000: 649), que consideran transitivas as estruturas con verbos de movemento seguidos dun complemento (vgr. *vai á escola*), Badia parece situar este tipo de construcións na dimensión da intransitividade. Polo que respecta ás gramáticas do galego (Álvarez / Regueira / Monteagudo, 1986; Costa et al., 1989; Freixeiro, 2000; Álvarez / Xove, 2002) sérvense de criterios de corte tradicional nuns casos e funcional ou ecléctico noutros. As gramáticas de Costa et al. e Freixeiro presentan unha concepción bastante restrinxida da intransitividade, e aplícanas en exclusiva ás estruturas monoclausais, deste xeito non serán cualificadas de intransitivas as estruturas cun predicado seguido de complemento indirecto, complemento circunstancial e compl. prepositivo. Pola contra, as gramáticas de Álvarez et al. manexan unha concepción máis ampla da noción e aplícanas non só a estruturas monoclausais senón tamén a aquelas cun predicado seguido de complemento indirecto, circunstancial e prepositivo.

Nós, dende unha perspectiva maximalista, de carácter transversal, consideramos construcións intransitivas as ceroargumentais, as monoargumentais inergativas, cuxo suxeito ten propiedades características de tal función (vgr. *María sorrí*), as monoargumentais inacusativas cuxo único argumento ten propiedades de compl. directo e suxeito (vgr. *a roupa seca [o sol seca a roupa]*), as biargumentais de complemento indirecto e circunstancial, as de complemento prepositivo, as construcións con verbos pronominais (agás as reflexivas e aquelas en que o clítico funciona como compl. directo), as atributivas (con atributo e predicativo do suxeito) e en xeral as de voz pasiva. Estas estruturas, fronte ás transitivas que presentan o esquema sintáctico prototípico *suxeito-predicado-complemento directo* e un esquema semántico *axente-acción-afectado*, mostran esquemas semánticos e sintácticos con diferentes funcións e papeis semánticos, novos valores aspectuais (boa parte das intransitivas son atéllicas), na maioría dos casos non permiten a substitución pronominal por clítico acusativo nin deixan ningún resto pronominal na conversión temática e admiten en xeral máis doadamente os cambios de orde dos seus argumentos sen que se introduzan novos elementos (vgr. *o escándalo chegou con ela / con ela chegou o escándalo; María comeu o pastel / o pastel comeuno María*). Alén disto, a cohesión semántico-sintáctica e rítmica entre predicado e complemento non directo tende a ser menos estreita cá que se produce entre predicado e complemento directo.

Na nosa opinión o fenómeno da intransitividade hai que abordalo dende a dimensión da *construción* (cfr. Golberg, 1995 e 2003; Croft, 1991; Hale / Keyser, 2002; Borer, 2004), situar a interrelación dos elementos da estrutura clausal como eixe da análise gramatical e facer derivar da construción, máis ca do verbo, as funcións semánticas, sintácticas e pragmáticas. A consideración da intransitividade non debe partir da delimitación dun subtipo de verbo senón da actualización dun predicado nunha determinada construción e estrutura semántica.

En definitiva, convén termos en conta que, alén dos parámetros de base semántica que deseguido imos tratar, para estudar o comportamento das construcións (in)transitivas dun xeito global que interrelacione semántica e sintaxe hase botar man tamén doutros parámetros de base propiamente sintáctica, que non imos abordar aquí, como son principalmente o *esquema sintáctico*, é dicir, o esquema de funcións sintácticas desempeñadas polos participantes da construción ou actantes (falamos así de esquemas ceroargumentais *chove*; monoargumentais “*tusir, chorar*”; biargumentais *vén de Ourense; o libro pertence a María*); a *voz* en canto categoría que marca os distintos modos de concibir a relación entre predicado e participantes (Mendikoetxea 1999, Cidrás 2001); o *carácter pronominal* da construción (Sánchez López 2002), isto é, os distintos tipos de estruturas que a presenza de clítico determina (como son as estruturas pronominais en sentido puro *suicidarse*; as reflexivas directas, indirectas e recíprocas; aquelas en que se produce unha conversión entre suxeito e compl. prepositivo *acórdome daqueles tempos / aque-*

*les tempos acórdanme*; as que impersonalizan, que son as impersonais activas e pasivas), os *trazos do suxeito* canto a tipo e subtipo de unidade, orde, definitude e número, carácter implícito, explícito e indeterminado; e os *trazos da complementación* no tocante tamén a tipo e subtipo de unidade, función sintáctica, grao de obrigatoriedade, orde, etc.

Todo isto pon de manifesto a necesaria vinculación entre as dimensións da sintaxe, da semántica e tamén do léxico á hora de enfrontármolos a este tipo de construcións (Hale / Kayser, 2002; Borer, 2004), esquivando en certa medida modelos extremadamente formais (pero excelentes polas súas singulares achegas) coma os de Chomsky e a escola de Massachusetts, que abordan os fenómenos da lingua dende un punto de vista case exclusivamente sintáctico.

### 3. PARÁMETROS DE BASE SEMÁNTICA PARA A DESCRICIÓN E ANÁLISE DE CONSTRUCIÓNS INTRANSITIVAS

Para describir e analizar construcións intransitivas cómpre fixarse nos obxectivos que se pretendan acadar nunha investigación. A orientación que reciba o traballo e os resultados particulares que se persigan condicionarán a maior ou menor produtividade de cada un dos seguintes parámetros.

#### 3.1. *Carácter semántico do verbo*

Supón tomar como base unha caracterización semántica do verbo que funciona como predicado dende o punto de vista do significado léxico. Para iso pode elaborarse unha agrupación de verbos, predicados de estruturas intransitivas, tanto polo significado do propio lexema coma polo contido que adquiren de acordo coa construción en que funcionen ao entrar en relación con determinados suxeitos e complementos. O contido de cada predicado contribúe a determinar a estrutura semántico-sintáctica, e viceversa. Podemos exemplificar algúns tipos como mostra, séndomos conscientes dos problemas que sempre presentan estas clasificacións, como son o de que un mesmo verbo poida entrar en varios grupos ou que ás veces quizabes prime o significado referencial sobre o derivado da construción en que funciona como predicado.

- (i) Verbos de movemento e desprazamento: correr, trotar, camiñar, andar, pasear, circular...
  - De movemento corporal: anicarse, encollerse, deitarse, contraerse, acenar, xesticular, copear...
  - De movemento de separación: partir, saír, marchar, separarse, fuxir, afastarse, abortar...
  - De movemento vertical: subir, baixar, auñar, gabear, desmontar, apear, debagutar...
- (ii) Verbos de aparición: aparecer, asomar, emerxer, apuntar, despuntar, rebentar, agromar...
- (iii) Verbos de acontecemento: acontecer, suceder, pasar, darse, ocorrer, transcorrer, entroidar...
- (iv) Verbos de permanencia: durar, perdurar, permanecer, manterse, parar, quedar...
- (v) Verbos de carencia ou ausencia: carecer, escasear, faltar, rarear, minguar...
- (vi) Verbos de presenza: abundar, proliferar, pulular, sobrar, chegar, abastar...

- (vii) Verbos de inicio: empezar, encomezar, principiari, nacer, orixinarse, saír, ameter...
- (viii) Verbos de localización: estar, residir, habitar, acharse, atoparse, encontrarse...
- (ix) Verbos de relación ou alternancia: combinar, alternar, asociarse, convivir, relacionarse, participar...
- (x) Verbos de predominio: dominar, predominar, preponderar, sobresaír...
- (xi) Verbos de percepción: oír, escoitar, cheirar, recender, feder, alcatrear...
- (xii) Verbos de visibilidade: ver, destacar, debuxarse, fitar, mirar, ollar, perfilarse, abesullar, espreitar...
- (xiii) Verbos de son: soar, vibrar, renxer, bater, zunir, zumbiar, zoar, bruar, agruar, aturular, algarear, garular, barullar...
- (xiv) Verbos de brillo, luminosidade e cor: alborecer, branquear, clarexar, refulxir, escintilar, lucir, resplandecer, alumear, arrubiar...
- (xv) Verbos de lingua: falar, latricar, esbardallar, conversar, cotifar, dialogar, parrafear, contestar, responder, aludir, referirse...
- (xvi) Verbos de existencia: ser, existir, coexistir, vivir, subsistir, faltar, rarear...
- (xvii) Verbos de coñecemento ou proceso psíquico: pensar, cavilar, cismar, meditar, razoar, teimar...
- (xviii) Verbos de afección psíquica e emotiva: aledarse, enfadarse, gozar, temer, atreverse, arrepentirse, padecer, sufrir, queixarse, apetecer, degorar, doer, preocuparse, interesar, urxir...
- (xix) Verbos de afección física: enfermarse, tusir, espirrar, trousar, arrotar, impar, supurar...
- (xx) Verbos de conduta: portarse, comportarse, obrar, proceder, actuar, presumir, andar, actuar, arriscarse, desistir...
- (xxi) Verbos de sentimento: adoeecer, aborrecer, aburrir, derreterse, doer, gozar...
- (xxii) Verbos de actitude: abandonarse, abrirse, aferrarse, apoucar, conformarse, arraxarse...
- (xxiii) Verbos de progreso: progresar, marchar, evolucionar, prosperar, avanzar...
- (xxiv) Verbos meteorolóxicos: anoitecer, amencer, chover, nevar, tronar...
- (xxv) Verbos de coincidencia: coincidir, cadrar, converxer, casar, convir, concordar...
- (xxvi) Verbos de funcionamento: funcionar, andar, ir, marchar, traballar...

### 3.2. Esquemas semánticos

Paralelamente aos esquemas sintácticos que definen as estruturas intransitivas (a saber: *predicado*, *suxeito-predicado*, *suxeito-predicado-compl. ind.*, *suxeito-predicado-circunstancial*, *suxeito-predicado-compl. prepositivo*, *suxeito-predicado-predicativo / atributo*), hai que dar conta dos esquemas semánticos de cadansúa construción, isto é, dos diferentes moldes que agrupan os papeis semánticos exercidos polos argumentos (cfr. Jackendoff, 1990).

Os esquemas semánticos presentan unha grande multiplicidade. Un mesmo esquema semántico pode ser aplicado a varias construcións sintácticas e ás veces diferentes esquemas semánticos poden converxer nunha mesma estrutura sintáctica; deste modo *Pepe rosma* pode ter como esquema semántico *axente-acción*, *caracterizado-caracterización* (se serve para caracterizar un individuo por un costume), *portador de actitude-actitude* (se pensamos nalguén que rosma por estar enfadado ou en desacordo con algo).

O grao de interrelación entre os esquemas semánticos e as estruturas sintácticasponse de manifesto ao trocarmos unha estrutura transitiva como *María durmiu o neno* (suxeito axente) por outra intransitiva como *o neno durmiu* (suxeito afectado ou paciente); nelas observamos a

mudanza paralela de papeis semánticos e sintácticos. Un cambio de papel semántico nun esquema dado tamén pode determinar a presenza de novos elementos e subtipos de unidade na cláusula así coma o seu carácter transitivo ou intransitivo (vgr. o vento pechou a ventá / a ventá pechouse co vento). En ocasións, a ausencia dun papel semántico no esquema orixina o emprego dun lexema distinto e por tanto doutra construción (María matou o home / o home de María morreu). Amais disto, os esquemas semánticos, do mesmo xeito cós sintácticos, varían canto ao número de papeis semánticos que admiten; deste modo, falaremos de esquemas que desenvolven unha acción ou proceso reflectido polo predicado e non posúen ningún papel semántico (vgr. *nevar, saraibar*), esquemas cun só papel semántico (vgr. *viaxar*), con dous e con tres papeis semánticos (vgr. *o libro non lle pertence; portouse ben; falei do teu asunto con María*).

As etiquetas empregadas para cada papel semántico constitúen un inventario amplo, pero finito, e procurámolas axustar ao significado de cada construción. Así e todo, nos esquemas semánticos sempre son posibles outras análises que impliquen novas matizacións e alteracións, análises que están en función do contexto, da estrutura informativa e pragmática e ata da corrente teórica que se aplique.

Dende esta premisa, reproducimos os esquemas semánticos prototípicos de estruturas intransitivas, que con máis ou menos variantes se poden atopar en galego:

- *Axente-acción*<sup>3</sup> (vgr. Xoán traballa; o público aplaude; saltar; andar; actuar...).
- *Acción-forza* (vgr. abriuse co vento; pechouse coa corrente; rachou cun raio).
- *Acción meteorolóxica* (vgr. alustra; neva; chove...).
- *Portador de evento-evento* (aconteceu un suceso; apareceu o morto; ocorreu unha desgraza).
- *Portador de existencia-existencia* (vgr. non quedan nenos; sobran alumnos; falta unha camiseta; abundan os repetidores).
- *Axente-acción-término* (vgr. Pepe anda detrás de ti; falou da atención aos maiores; apostei por ti; apoderouse do cargamento; aproveiteime da túa confianza).
- *Axente-acción-dirección / destino* (vgr. Vou a Vigo; acudimos á festa; apartamos á dereita; collemos á esquerda; collemos para Santiago).
- *Afectado-acción* (vgr. a casa queímase).
- *Afectado-acción-resultado* (vgr. o proxecto saíu mal).
- *Afectado/posuído - acción/posesión - beneficiado/posuidor* (vgr. a casa quedoulle ao fillo máis vello; a ese tocoulle a lotería).
- *Caracterizado-caracterización* (vgr. María escribe; Carlos pinta; Pepe ronca; as estrelas brillan; o allo ule).
- *Caracterizado-caracterización-caracterizador* (vgr. a bolsa é grande; viste con modestia; entende por Fito; ese vestido parécese fermoso; figura como xefe de sección).
- *Portador de actitude-actitude* (vgr. Xosé enfadouse; temos que apertar; non apouques e loita).
- *Portador de actitude-actitude-término* (vgr. seu irmán volve por el; aférrase a esa posibilidade; recea del; confía nela).

3. Como o papel semántico de acción resulta moi xenérico, dentro dos esquemas de acción, sobre todo dos de movemento, e en consonancia co criterio maximalista que defendemos, é posible precisar máis e engadir novas matizacións do seguinte tipo: *acción [movemento corporal]* (vgr. volveuse cara ao muro), *acción [desprazamento]* (vgr. camiñaron toda a noite), *acción [movemento descendente]* (vgr. caer, descender), *acción [movemento ascendente]* (vgr. subir, gabear), *acción [movemento de separación]* (vgr. apartar, separarse), *acción [movemento oscilante]* (vgr. abalar, abanear), etc.

- *Portador de conduta-conduta* (vgr. dálle e gurra; hai que insistir; por campar rabiar; gústame que loites).
- *Portador de conduta-conduta-término* (vgr. tropeza bastante cos compañeiros; pórtase mal coa familia; érguese contra a autoridade).
- *Portador de sentimento-sentimento* (vgr. goza meténdose con ela; ao vernos alí rabeaba; o mariñeiro dubida e teme).
- *Portador de sentimento-sentimento-término* (vgr. adocece por ela; fervía por voltar; gosta do viño doce; dóese da súa desgraza; temo por vós)
- *Portador de sensación-sensación* (vgr. alucina; pasmou; abraiei).
- *Portador de relación-relación-término* (vgr. non se leva co pai; relaciónase con anteriores xefes).
- *Situado-situación-locación espacial* (vgr. Xoán está en Italia; o corpo aboia nunha poza; Luíña queda por Ourense).
- *Portador de estado-estado* (vgr. a cafeteira non funciona; Carlos enfermou; a lanterna aínda acende).
- *Portador de estado-estado-locación espacial / modo* (vgr. o soldado xacía no chan; permaneceu inmóbil; seguía sen dicir nada).
- *Experimentante-proceso*<sup>4</sup> (medrar, mellorar, intensificarse, empeorar, engordar, adelgazar, aumentar, diminuír...).
- *Produtor de efecto-produción de efecto-afectado* (vgr. a saúde dos seus preocúpalle; o xersei apértame; subir costas cánsame; alédame o verán).
- *Produtor de son-produción de son* (vgr. o vento asubía fóra; a porta renxe; a gaita soa).
- *Resultado-acción derivativa-orixe ou causa* (vgr. a resistencia xorde do valor; a preguiza deriva da desgana).
- *Identificado-relación de identificación-identificación* (vgr. cofete é a parte da popa; as chedas son as pezas exteriores do carro onde se cravan os fungueiros).

O *Estado* é un macropapel semántico que polo xeral se aplica a situacións que carecen de desenvolvemento temporal interno; podemos falar da súa duración, pero non do seu progreso ou culminación. Os *estados* designan situacións de tipo locativo (vgr. *está en Santiago*) que se concretan nos papeis de *situado* e *situación*, características ou propiedades (vgr. *está moi guapa*) atribuídas a entidades ou individuos cuxo papel semántico é o de *portadores de estado e caracterizados*. Tamén se poden considerar estados *lato sensu* as construcións de posesión (vgr. *a casa perténcelle a seu pai; a carteira é del*), de dimensión espacial ou temporal (vgr. *a estrada esténdese ata Vilagarcía*), as relacións de identificación, a existencia (vgr. *existir*) e a presenza / ausencia (vgr. *faltar, sobrar*). En ocasións, o que diferencia un estado dunha acción está en función dos trazos semánticos do suxeito, de maneira que un suxeito animado e con control implicará acción en *María comunicouse con súa tía; baseeime nunha hipótese razoada* e un suxeito non animado e sen control dará lugar a unha situación ou estado en *esta habitación comunica co corredor; a ciencia baséase no rigor*.

Os *procesos* representan o tránsito dun estado a outro protagonizado por un individuo ou entidade (experimentantes). Os procesos poden ser de diversas clases segundo o cambio experimentado polo suxeito en relación cunha determinada propiedade ou calidade. En ocasións unha mesma estrutura implica asemade dous tipos de procesos; deste modo *enfraqecer* tanto

4. Na semántica do proceso non debemos esquecer as dúas variables que se cruzan, ás que aludimos en diferentes puntos deste traballo; unha é o tipo de proceso (aumentativo, adaptativo...) e outra o seu valor aspectual (inceptivo, terminativo...).



pode mostrar un valor diminutivo como tamén empeorativo. Nós discriminamos os seguintes tipos de procesos para analizar construcións intransitivas:

i. Adquisitivo ou aumentativo e privativo ou diminutivo: o primeiro par dáse cando unha entidade ben adquire unha propiedade que non tiña ben a aumenta en volume ou extensión (vgr. *engordar, anchar*). O segundo par atopámolo cando unha entidade ou perde e diminúe unha propiedade ou reduce o seu volume e extensión (vgr. *enfraquecer, minguar, apoucar*).

ii. Intensificativo e atenuativo: acontece cando unha entidade aumenta ou diminúe o grao e a intensidade en que ten unha determinada propiedade ou calidade (vgr. *acentuarse, agravar, recruar, abrandar*).

iii. Transformativo e modificativo: aparece cando unha entidade experimenta unha transformación do seu estado (vgr. *evaporarse, callar, converterse, cambiar en*) ou unha modificación del (vgr. *clarear algo o cabelo; asentar un viño*).

iv. Mellorativo e empeorativo: unha entidade experimenta mellora ou empeoramento do seu estado (vgr. *progresar, aliviar, subir; encetarse, empeorar*).

v. Adaptativo: supón que unha entidade se adapta a unha nova situación ou medio (vgr. *afacerse, adaptarse, acostumarse*).

As *accións* indican actividade e dinamismo dunha persoa ou dunha entidade (axentes). As construcións con verbos de pensamento, actitude, conduta, sentimento, sensación e todos os denominados de proceso psíquico ou mental considerámoslos propiamente de acción mental, daquela os seus suxeitos serán axentivos e implicarán non un estado senón unha actividade de tipo mental.

Os *eventos* son os distintos feitos que se concretan nalgún tipo de acontecemento. Algúns autores (Croft, 1991; Moreno Cabrera, 1997) sérvense desta denominación para, dende unha perspectiva ampla, abordalos como categorías semánticas e conceptuais que determinan esquemas e tipos eventivos en función dos participantes e establecen relacións eventivas de acordo cos valores temporais.

En definitiva, todas estas clases representan categorías semánticas (Carpenter, 1997), que se poden recategorizar unhas noutras: *María anda* é unha acción que implica movemento, *María xa anda* [porque ten un ano] conleva a adquisición dunha determinada propiedade, habilidade; *a comida enfría* implica un proceso, *a comida está fría* designa un estado.

### 3.3. Papeis e trazos semánticos do suxeito

A través deste parámetro introducimos unha serie de conceptos aplicables á unidade que funciona como suxeito nunha estrutura intransitiva dada. Reciben o nome de funcións semánticas, papeis semánticos e papeis, funcións ou roles temáticos. Hai autores (Van Valin / Lapolla, 1997: 140) que agrupan os diferentes papeis semánticos en dous macropapeis (*macrorole*) ou protofuncións semánticas como son *actor* e *undergoer*. O *actor* refírese ao suxeito e nel estarían representadas sobre todo as funcións de *agent*, *experiencer*, *instrument*, *perceptor*, *observer*, *recipient*, *source* ou *force*. No *undergoer* están as funcións de paciente e afectado. Outros autores aluden case ao mesmo utilizando a denominación ben de casos e papeis temáticos (Primus, 1999) ben de *hyperroles*, que son *agentive* e *patientive* (Kibrik, 1997: 279). Nós valémonos dos seguintes papeis semánticos (cfr. tamén Jackendoff, 1990; Palmer, 1994; Porto Dapena, 1995; Dik, 1997<sup>2</sup>; Vilela, 1999<sup>2</sup>) para o suxeito das construcións intransitivas:

- *Axente*. É o papel semántico que lle corresponde a quen realiza algo cun fin explícito ou implícito e funciona nas estruturas que designan acción.
- *Causante, estímulo*. Aplícase a unha entidade animada e non animada que induce ou motiva unha acción, proceso ou estado. Cando se trata dunha entidade humana rexístrase con frecuencia en estruturas intransitivas de tipo causativo como instigador e indutor (cfr. Kemmer / Verhagen 1994: 115; Song, 1996; Soto Andión, 2000; Regueira 2001).
- *Forza*. É o papel que corresponde a un fenómeno, xeralmente natural e sen control, que provoca un resultado.
- *Portador de evento*. O *evento* é un macropapel semántico que, por unha banda alude, a calquera acción ou proceso, é dicir, trátase dun papel do predicado verbal, e por outra banda designa unha función semántica concreta (*portador de evento*) que remite a un acontecemento, suceso, caso, etc. frecuente con verbos como *acontecer, suceder, ocorrer, pasar*.
- *Afectado*. É o papel que se aplica á entidade animada ou non animada atinxida polo influxo dun evento ou dunha acción.
- *Resultado e efectuado*. Son papeis semánticos que designan unha entidade que deriva ou que é resultado doutra (vgr. *a resistencia* deriva do valor; *o medo* xorde da covardía).
- *Experimentante*. Denomínase así o papel semántico que designa a entidade animada ou non animada que experimenta un determinado proceso (vgr. *o queixo* abrandou coa calor).
- *Caracterizado, identificado*. Con estes papeis semánticos aludimos a unha entidade animada ou non animada que resulta tanto caracterizada e cualificada por outra coma identificada con outra (vgr. *María* tateixa; *cofete* é a parte da popa).
- *Portador de estado*. É un papel semántico característico de esquemas estativos; alude a entidades ou individuos que presentan un certo estado ou condición (vgr. *a lanterna* non aluma).
- *Portador de conduta*. É un papel semántico que designa individuos que mostran unha determinada conduta ou proceder (vgr. *o novo axudante* tropeza cos compañeiros de traballo; *esa muller* non obedece).
- *Portador de actitude*. Con este papel faise referencia á persoa que presenta unha determinada actitude perante un feito (vgr. *Carlos* confórmase co que lle dan; *ela* négase a falar comigo).
- *Portador de sentimento*. Alude ao individuo que expresa un determinado sentimento (vgr. *María* teme pola súa vida; *Carlos* láíase da perda).
- *Portador de sensación*. É o papel semántico que refire a persoa portadora dunha sensación, xeralmente determinada por algo (vgr. *eu* abraiei cando mo dixeron).
- *Portador de existencia*. Trátase dun papel semántico que designa a entidade que transmite unha existencia, oposta a unha ausencia (vgr. faltan *enfermeiras* e sobran *médicos*).
- *Portador de relación*. Sinala a entidade ou individuo que entra en relación con outra ou outras persoas (vgr. *ela* lévase ben co xefe).
- *Produtor de efecto*. Este papel semántico fai referencia a algo que produce un certo efecto (vgr. *o fútbol* cánsame; *o inverno* aburre) nunha entidade ou individuo.
- *Produtor de son*. Alude a unha entidade que produce un determinado son (vgr. *o vento* asubía; *a leña* estala no lume).
- *Situado*. É un papel semántico que indica a entidade animada ou non animada que ocupa unha determinada situación ou posición no espazo (vgr. *o cuadro* está na parede do salón).

Alén destes papeis, hanse ter en conta outros trazos semánticos diversos que restrinxen o nome en función de suxeito para a súa aparición con determinados predicados (cfr. tamén Galliche / Kleiber, 1996; Bosque, 1999: 3; Fernández Leboráns, 1999: 77):

i) Control. É unha noción tirada de Comrie (1989: 59), para quen designa *grosso modo* o dominio que un axente manifesta sobre un evento descrito polo verbo co que se relaciona. Este autor discrimina entre control total (*caer no chan deliberadamente*), control potencial (*caer por descoído*), non control (*caer por causa dun empurrón*); así e todo non é posible coñecer en todas as construcións que tipo de control presenta o suxeito. Do dito pódese inferir que o control é unha noción moi ligada aos conceptos de volición e intencionalidade, por conseguinte vinculada a suxeitos fundamentalmente animados, humanos e axentivos. O control convértese moitas veces nun dos factores que axuda a determinar o carácter intransitivo ou transitivo dunha construción; desta maneira *virarse contra alguén* mostra unha lectura transitiva se consideramos a existencia dun suxeito axente que realiza adrede unha acción sobre si mesmo, e adquire unha lectura intransitiva se entendemos que hai un suxeito experimentante, que chega a un estado como consecuencia dunha evolución realizada sen intención nin propósito.

ii) Animación. É outro factor que pode ocasionar cambios e restricións na construción intransitiva, por ter estreita relación con outros parámetros como son os papeis semánticos, a noción de control, etc. Distínguese por unha dobre oposición [+ animado] ([± humano]) / [- animado].

iii) Os restantes pares de clases do substantivo: concreto/abstracto; común/propio; continuo/descontinuo; individual/colectivo.

### 3.4. Papeis e trazos semánticos da complementación

A través deste parámetro pretendemos indicar os papeis e trazos semánticos que o complemento ou complementos desenvolven na construción intransitiva. O circunstancial é a función sintáctica que máis achega. Cotexando distintos autores (Croft, 1991; Halliday, 1994; Dik, 1997<sup>2</sup>; Van Valin / Lapolla, 1997; Álvarez / Xove, 2002) comprobamos que existen diverxencias tanto na cantidade como na denominación e nas implicacións dos papeis semánticos. A partir de aquí, imos discriminar os seguintes papeis para describir e analizar o complemento das construcións intransitivas do galego.

- *Axente e forza*. Son dous papeis semánticos que sinalan respectivamente a entidade animada e non animada que realiza ou provoca unha acción. O primeiro funciona en construcións de pasiva analítica, namentres o segundo resulta habitual en estruturas de voz media (vgr. *a porta abriuse co vento*). O tipo e subtipo de unidade que os representa é unha frase preposicional de estrutura (*por, con, de* + fr. nom.).
- *Término*. É un papel semántico que pode abranguer unha serie de contidos. Con carácter xeral, empregamos esta etiqueta para facermos referencia á entidade animada e inanimada na que desemboca ou converxe calquera tipo de evento, así como para sinalarmos o segundo elemento dun esquema de relación (vgr. *tratar con alguén*). É un papel semántico característico da función sintáctica complemento prepositivo. Formalmente adoita estar representado por unha fr. prep. de estrutura (*a, con, de, en, sobre, acerca de...* + fr. nom.): fala daquel asunto; trata de química; versa sobre a economía actual.
- *Destinatario*. Sinala a persoa que recibe algo. Resulta frecuente nas frases preposicionais de estrutura (*para* + fr. nom.), vgr. *este regalo é para Carlos*.

- *Posuidor*. Sinala o individuo que posúe algo ou que é dono de algo. É un papel semántico frecuente na función sintáctica compl. indirecto e nos dativos (Lamiroy / Delbecque, 1998: 29; König / Haspelmath, 1998: 525): *roubáronlle a carteira; o piso pertén-celle*. Nalgunhas construcións pode converxer co término, co destinatario e co beneficiado (vgr. *quedoulle toda a herdanza*).
- *Beneficiado e prexudicado*. Ambos os papeis sinalan respectivamente o individuo que resulta beneficiado ou prexudicado por algún tipo de evento. Son habituais co complemento indirecto e nas estruturas de (*para* + fr. nom.).
- *Afectado*. Este papel semántico designa a entidade animada ou non animada que recibe algún tipo de afección, sen que esta sexa necesariamente de dano ou de proveito, como adoita acontecer co beneficiado e co prexudicado.
- *Caracterizador e identificador*. Ambos os dous son papeis semánticos que caracterizan e identifican a entidade en función de suxeito. Aparecen maioritariamente, non exclusivamente, en construcións atributivas.
- *Modo*. Trátase dun papel semántico que expresa a maneira de se realizar un evento. É característico do circunstancial e das estruturas atributivas e de estado (modo de estar).
- *Meta, resultado*. Son papeis semánticos que aluden ao resultado ou punto final dunha acción ou proceso (vgr. *non saíu ben; deu en tolo; acabou por morrer*).
- *Causa*. Expresa a causa dunha acción, estado ou proceso. Este papel semántico é usual coa función sintáctica circunstancial e ten a estrutura (preposición/conxunción + fr. nom. / cláusula), sendo as preposicións e conxuncións as seguintes: *por, con, de, a causa de, por culpa de, debido a, porque, como...*
- *Causante, estímulo*. É un papel semántico próximo ao de *causa*. Fai referencia a unha entidade animada (un instigador) ou non animada (unha forza) que inflúe no proceder e na actuación doutra (vgr. *fixome saír*).
- *Locación espacial e temporal*. Con estes macropapeis semánticos marcamos as coordenadas espazo-temporais do evento da construción intransitiva. Nos dous podemos delimitar a *posición* (superior/inferior, anterior/posterior...) dunha entidade animada ou non animada no espazo e no tempo, a *dirección* cara á que se move, a *orixe* ou *procedencia* dende a que se move, o *tránsito* ou espazo a través do que a entidade se move, e a *meta* ou punto de chegada.
- *Cuantificación*. Este papel semántico aplícase a expresións que designan cantidade de elementos; intensidade e grao dunha acción, dun estado ou dun proceso; contextos que implican reiteración (vgr. *vai moito á piscina*); peso, prezo, capacidade e medida.
- *Distributivo*. É un papel semántico que manifesta cruzamentos co de modo e cuantificación, se ben no distributivo predomina o contido de disposición e reparto sobre calquera outro (vgr. *saen de dúas en dúas; o quilo vale a sete euros*).
- *Fin*. Con este papel semántico désígnase a entidade, xeralmente non animada, que implica finalidade, é dicir, aquilo para o que algo está feito ou concibido; baixo este contido tamén recibe a denominación de *obxectivo*. Este papel semántico está representado ordinariamente na construción intransitiva por unha cláusula introducida por *a, para, para que, a fin de que* ou por unha fr. prep. de estrutura (*para* + fr. nom.): *estuda para médico*.
- *Obxectivo*. É un papel semántico que sinala a entidade animada ou non animada (un propósito) que se procura e persegue (vgr. *vai para médico; andan detrás del*).
- *Comitativo*. Expresa a entidade ou individuo que acompaña, colabora ou concorre nunha situación ou evento con outra entidade ou persoa designada no suxeito. Formalmente está representado por unha fr. prep. de estrutura (*con, xunto a, na compañía de... + fr. nom.*).

- *Medio* ou *instrumento*. Con este papel semántico indicamos na construción intransitiva tanto o instrumento propiamente dito coma o medio de que se vale un axente para realizar unha acción. Formalmente está representado por unha fr. prep. de estrutura (*con, por, mediante, por medio de, a través de...* + fr. nom.).
- *Substitución e equivalencia*. Expresa a entidade animada ou non animada que está substituíndo a outra ou que ten equivalencia con outra. Formalmente está representado por unha fr. prep. de estrutura (*por, en lugar de, en vez de...* + fr. nom./ fr. adv./cláusula): *dorme en vez de estudar; irei venres en lugar de luns; el só vale por tres*.
- *Campo, aspecto, tema, materia*. Estes papeis semánticos serven para referir un determinado eido da realidade. Pode coincidir co papel semántico de locación espacial de carácter nocional. Formalmente tende a estar representado por unha fr. prep. de estrutura (en + fr. nom.): *graduouse en matemáticas*.
- *Adición e exclusión*. Son dous papeis semánticos que expresan a entidade que se engade ou que se resta a outra. Formalmente están representados por unha fr. prep. de estrutura (*además de* + fr. nom./cláusula), (*menos, agás, fóra, excepto...* + fr. nom./cláusula): *además de teu pai veu túa nai; aprobaron todos menos ela*.
- *Condición, concesión, consecuencia*. Expresan respectivamente o requisito para que se dea un evento, a restrición, consecuencia e resultado de algo. Formalmente están representados por nexos prepositivos ou conxuntivos entre os que destacan os seguintes: *se, como; aínda que, a pesar de que, por máis que; tanto...que, por conseguinte, por tanto, etc.*

Finalmente, convén ter en conta na análise da complementación das construcións intransitivas os trazos semánticos do substantivo, de acordo coas restricións que presenten nas súas respectivas estruturas e segundo os condicionamentos impostos pola construción, e que xa comentamos ao referirnos ao suxeito.

### 3.5. Aspectualidade

Con este termo, que comeza a usarse dende Maslov (1978), englobamos tanto o aspecto léxico ou aktionsart (modo de evento), derivado do lexema verbal en función de predicado, coma o aspecto gramatical derivado de procedementos morfolóxicos e sintácticos: suxeito (axente/non axente, continuo/non continuo...) e complementos, presenza de clítico *se*, perífrases verbais, perífrases modais, negación, número, adverbios e locucións adverbiais, afixos derivativos e flexivos, tempos verbais. A aspectualidade contribúe a explicar o funcionamento da construción intransitiva dando información sobre o modo de se desenvolver un evento (aspectualidade cualitativa), e sobre a súa distribución no tempo —duración, intensidade, etc.— (aspectualidade cuantitativa). Para Lyons (1997: 346) trátase dunha categoría gramatical que resulta da gramaticalización da configuración temporal interna (contorno) das situacións (accións, sucesos, estados...).

Partindo das coñecidas catro clases situacionais de Vendler (1967: 122): «activities» (actividades xerais sen límite inherente: *andar*), «accomplishments» (eventos que presentan duración e punto de culminación: *comer unha laranxa*), «states» (eventos sen culminación implícita: *querer*), «achievements» (eventos puntuais: *morrer*), que habitualmente se reducen a tres (accións, estados, procesos), podemos manexarnos cos seguintes contidos para describir e analizar construcións intransitivas (cfr. Pottier, 1993; Dik, 1997<sup>2</sup>; De Miguel, 1999: 2977; Bertinetto / Delfitto, 2000: 189; Thieroff, 2000: 265):

## i) Estativo / dinámico

O evento estático é aquel que se dá de forma homoxénea ao longo do tempo, sen mostrar cambio nin progresión. Xeralmente non resulta compatible coa perífrase *estar + xerundio*, con formas do imperativo, coa locución *pouco e pouco* nin cos adverbios de vontade coma por exemplo *espontaneamente* (vgr. *\*a casa é de seu tío espontaneamente*).

O evento estativo atópase sobre todo con predicados que funcionan en construcións que indican estado, situación e existencia (*estar, ser, faltar, sobrar, quedar, permanecer...*), duración (*continuar, durar, seguir...*) e atributivas (*ser, parecerse, asemellarse...*). A negación tamén lle pode conferir á construción características próximas ás das estruturas estativas, ao se rodear o evento dun certo grao de estativización (vgr. *María non saíu durante unha semana*) que anula determinadas propiedades que están na base do valor dinámico da equivalente construción afirmativa (Cunha / Leite, 2004).

O evento dinámico é aquel que implica unha actividade ou un cambio (proceso), en ocasións de dimensión psicolóxica ou mental, que se manifesta nuns resultados. Os eventos dinámicos están compostos de distintas fases, expresadas por diferentes procedementos: raíz, afixos verbais, perífrases, frases adverbiais e preposicionais, presenza de *se*. Estas fases son:

- Inceptiva ou ingresiva: é a fase inicial do evento (vgr. *amencer, empezar a, irse, dar en*).
- Media: constitúe a fase intermedia do evento (vgr. *estar + xerundio, seguir + xerundio, envellecer, crecer*).
- Terminativa, resultativa, cesativa: enfoca a fase final, o resultado obtido (vgr. *chegar, anoiteceu, anoiteceu de todo, volverse tolo, converterse nunha boa persoa*), ou o cesamento dun evento (vgr. *parou de falar; deixou de beber*).

## ii) Puntual ou instantáneo / durativo ou progresivo

Eventos puntuais («pontos» en Mira Mateus et al., 2003) son os que acontecen nun momento preciso de modo instantáneo, como o seu propio nome indica (vgr. *morrer, estourar*). Eventos durativos (cfr. Bertinetto 2000: 559) son os que expresan duración e esténdense ao longo dun período de tempo, con independencia de se progresan ou non progresan e de se teñen ou non un fin (vgr. *andar, respirar, enmocecer*).

## iii) Atélico / télico

Un evento resulta atélico cando se mantén e dura un tempo non determinado (vgr. *vivir*). Ao carecer dun límite admite a miúdo a complementación con *durante* (vgr. *saltou durante vinte minutos*) e con adverbios como *amodo, con coidado*. A atelicidade pode caracterizar tamén outros eventos que en función do seu comportamento máis específico teñen novas denominacións, como veremos máis adiante (habitual cando constitúe un hábito, progresivo cando manifesta un proceso (vgr. *envellecer*)).

Un evento resulta télico cando non mostra permanencia (vgr. *chegar*) nin manifesta duración. A telicidade tende a implicar unha concreción temporal ou unha limitación espacial (vgr. *vai na feira*) e pode incluír eventos de carácter instantáneo que en tal caso reciben o nome de eventos puntuais.

## iv) Simple e semelfactivo / iterativo, múltiple, intermitente

O evento simple é o que consta só dunha fase (vgr. *asubiar, morrer, nacer*). O evento iterativo consta de varias realizacións. A realización pode ser múltiple e frecuente (vgr. *metralhar, sesear, tatexar*) ou pode ser intermitente cando o evento se interrompe e se renova (vgr. *respirar, bocexar, pestanexar*). Aceptan con frecuencia a complementación con *reiteradamente, vez (varias veces, moitas veces, tantas veces, unha e outra vez)*.

## v) Habitual

O evento habitual é o que se repite cunha determinada frecuencia constituíndo un hábito (vgr. camiña unha hora todos os días). Todo hábito implica unha repetición, mais non toda repetición implica un hábito.

## vi) Permanente

O evento permanente é aquel que se repite de maneira constante. Pode ser xenérico cando se refire a unha especie (vgr. os ríos discorren cara ao mar) ou non xenérico cando se refire a individuos (vgr. o río Sil discorre cara ao Miño).

## vii) Non intensivo / intensivo / atenuativo

Estas tres clases fan referencia ao grao de intensidade do evento, é dicir, á intensidade normal, superior e inferior á normal respectivamente (vgr. chove / arroia, chove máis / barruza, chove miúdo). Aceptan de ordinario a complementación con *intensamente*, *cada vez máis*, *cada vez menos*.

## 4. CONCLUSIÓN

Neste traballo expuxemos unha determinada concepción da intransitividade e a partir dela delimitamos e definimos as que para nós son construcións intransitivas. En consonancia con isto, tratamos de establecer unha serie de parámetros de base semántica que convén tomar en consideración para o estudo destas estruturas. Como dixemos arriba, a maior ou menor relevancia dos parámetros vén dada polos obxectivos que persiga a investigación que se estea a realizar, pero en xeral poden aplicarse a boa parte das descrições e análises de construcións intransitivas das linguas romances. Con cada un destes parámetros pretendemos poñer en evidencia e axudar a resolver algúns dos principais problemas cos que se pode atopar calquera lingüista á hora de describir e analizar semanticamente estruturas intransitivas; tamén tentamos contrastalos ás veces cos que acharon outros investigadores e que máis tarde deron a coñecer nos seus traballos. A comparanza e posta en paralelo con distintos estudos deste eido ou afíns elaborados para outras linguas acabará por dar un resultado global que permitirá proxectar máis luz sobre esta cuestión capital da gramática, que nós tentamos esbozar aquí.

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, R. / X. L. REGUEIRA / H. MONTEAGUDO (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia. 568 p.  
 ÁLVAREZ, R. / X. XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia. 759 p.  
 BADIA I MARGARIT, A. M. (1995): *Gramàtica de la llengua catalana*. Barcelona: Edicions Proa. 879 p.  
 BELLO, A. (1984): *Gramática de la lengua castellana*. Madrid: Edaf. 379 p.  
 BERTINETTO, P. (2000): «The progressive in Romance, as compared with English». DAHL, O. (ed): *Tense and aspect in the languages of Europe*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, p. 559-604.

- BERTINETTO, P. M. / D. DELFITTO (2000): «Aspect vs. Actionality: why they should be kept apart». DAHL, O. (ed.): *Tense and aspect in the languages of Europe*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, p. 189-226.
- BORER, H. (2004): *Structuring sense*. Oxford: Oxford University Press. 310 p.
- BOSQUE, I. (1999): «El nombre común». BOSQUE, I. / DEMONTE, V. (ed.): *Gramática descriptiva de la lengua española*. Vol. 1, Madrid: Espasa-Calpe, p. 3-75.
- BOSSONG, G. (1998): «Le marquage de l'expérient dans le langues d'Europe». FEUILLET, J. (ed.): *Actance et valence dans les langues de l'Europe*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, p. 259-294.
- CAMPOS, M. H. Costa / M. F. XAVIER (1991): *Sintaxe e semântica do português*. Lisboa: Universidade Aberta. 386 p.
- CANO AGUILAR, R. (1987): *Estructuras sintácticas transitivas e intransitivas en el español actual*. Madrid: Gredos. 418 p.
- CARPENTER, B. (1997): *Type-logical semantics grammar*. Cambridge / Massachusetts: The MIT press. 575 p.
- CIDRÁS, F.A. (2001): “Construccions medias e impersoais con *se* como construccions sintácticas distintas en galego (e noutras linguas)”. VEIGA, A. / REGUEIRA, X. L. (ed.): *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega. Verba*, 49. Universidade de Santiago de Compostela, p. 71-81.
- COMRIE, B. (1989): *Universales del lenguaje y tipología lingüística: sintaxis y morfología*. Madrid: Gredos. 375 p.
- COSTA, X. X. et al. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*. A Coruña: Vía Láctea. 397 p.
- CROFT, W. (1991): *Syntactic categories and grammatical relations. The cognitive organization of information*. Chicago: The University of Chicago Press. 331 p.
- CUNHA, C. / L. F. Lindley CINTRA (1984): *Nova gramática do português contemporâneo*. Lisboa: Edicoes Sa da Costa. 734 p.
- CUNHA, L. F. Leite (2004): «Efeitos aspectuais da negação frásica». Comunicación presentada no 6º Congreso de Lingüística Xeral. 3-7 de maio de 2004. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- DALRYMPLE, M. (ed.) (1999): *Semantics and Syntax in Lexical Functional Grammar. The Resource Logic Approach*. Cambridge: MIT Press. 399 p.
- DIK, S.C. (19972): *The theory of functional grammar*. 2 vol. Berlín: Mouton de Gruyter.
- DIXON, R. M. W. / A. Y. AIKHENVALD (2000): *Changing valency. Case studies in transitivity*. Cambridge: Cambridge University Press. 413 p.
- FERNÁNDEZ LEBORÁNS, M. J. (1999): «El nombre propio». BOSQUE, I. / DEMONTE, V. (ed.): *Gramática descriptiva de la lengua española*. Vol. 1: *Sintaxis básica de las clases de palabras*, p. 77-128.
- FREIXEIRO, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra. 748 p.
- GALMICHE, M. / G. KLEIBER (1996): «Sur les noms abstraits». FLAUX, N. et al. (ed.): *Les noms abstraits. Histoire et théories*. Actes du colloque de Dunkerke, Dunkerke: Presses Universitaires de Septentrion. p. 23-40.
- GIVON, T. (1990): *A functional typological introduction*. 2 vol. Amsterdam: John Benjamins.
- GOLDBERG, A. E. (1995): *Constructions. A construction grammar approach to argument structure*. Chicago: Chicago University Press. 265 p.
- GOLDBERG, A. E. (2003): «Constructions: a new theoretical approach to language». *Trends in cognitive science*. 7, 5, p. 219-223.



- HALE, K. / S. J. KEYSER (2002): *Prolegomenon to a theory of argument structure*. Cambridge/Massachusetts, The MIT Press. 281 p.
- HALLIDAY, M.A.K. (1994): *An introduction to Functional Grammar*. London: Arnold. 434 p.
- HERNANZ, M.L. / BRUCART, J. M. (1987): *La sintaxis (I)*. Barcelona: Crítica. 316 p.
- HOPPER P. J. / THOMPSON, S. A. (1980): «Transitivity in grammar and discourse». *Language*, 56, 2, p. 251-299.
- JACKENDOFF, R. (1991<sup>2</sup>): *Semantic structures*. Cambridge/Massachusetts, The MIT press. 322 p.
- KAY, P. (1997): *Words and the grammar of context*. Stanford, California: CSLI. 263 p.
- KEMMER, S. / A. VERHAGEN (1994): «The grammar of causatives and the conceptual structure of events», *Cognitive linguistics*, 5/2, p. 115-156.
- KIBRIK, A. E. (1997): «Beyond subject and object: toward a comprehensive relational typology», *Linguistic Typology*, 1-3, p. 279-346.
- KÖNIG, E. / M. HASPELMATH (1998): «Les constructions à possesseur externe dans les langues d'Europe». FEUILLET, J. (ed.): *Actance et valence dans les langues de l'Europe*. Berlin/New York: Mouton de Gruyter. p. 525-606.
- LAMIROY, B. / N. DELBECQUE (1998): «The possessive dative in Romance and Germanic languages». VAN LANGENDONCK, W. / W. VAN BELLE (ed.): *The dative II*. Amsterdam: John Benjamins, p. 29-74.
- LANGACKER, R. W. (1991): «cognitive grammar». DROSTE, F. / JOSEPH, J. (ed.): *Linguistic theory and grammatical description*. Amsterdam: John Benjamins, p. 275-306.
- LAZARD, G. (1998): «Definition des actants dans les langues européennes». FEUILLET, J. (ed.): *Actance et valence dans les langues de l'Europe*. Berlin/New York: Mouton de Gruyter, p. 11-146.
- LYONS, J. (1997): *Semántica lingüística*. Barcelona: Paidós. 400 p.
- MASLOV, Y. S. (1978): «An outline of contrastive aspectology». MASLOV, Y. S. (ed.) (1985): *Contrastive studies in verbal aspect*. Heidelberg: Gross, p. 1-44.
- MATEUS, M. H. Mira / BRITO, A. M. / DUARTE, I. / HUB FARIA, I. (2003): *Gramática da língua portuguesa*. Lisboa: Caminho. 1127 p.
- MENDIKOETXEA, A. (1999): «Construcciones con *se*: medias, pasivas e impersonales», BOSQUE, I. / DEMONTE, V. (eds.), *Gramática descriptiva de la lengua española*. Vol. 2, Madrid: Espasa-Calpe, p.1631-1722.
- MENDIKOETXEA, A. (1999): «Construcciones inacusativas y pasivas», BOSQUE, I. / DEMONTE, V. (eds.): Op. Cit., p.1575-1629.
- MIGUEL, E. De (1999): «El aspecto léxico». BOSQUE, I. / DEMONTE, V. (ed.): *Gramática descriptiva de la lengua española*. Vol. 2: *Las construcciones sintácticas fundamentales*. Madrid: Espasa-Calpe, p. 2977-3060.
- MINDÍVIL, J. L. (2004): «Estructura argumental, eventos y ergatividad». Comunicación presentada en el 6º Congreso de Lingüística Xeral. Santiago de Compostela, 3-7 de maio de 2004.
- MORENO CABRERA, J. C. (1997): *Introducción a la lingüística. Enfoque tipológico y universalista*. Madrid: Síntesis. 284 p.
- PALMER, F. (1994): *Grammatical roles and relations*. Cambridge: Cambridge University Press. 259 p.
- PERLMUTTER, D. J. (1980): «Relational grammar». MORAVCSIK, E. / WIRTH, E. (ed.): *Syntax and semantics 13: current approaches to syntax*. New York: Academic Press, p. 195-229.
- PORTO DAPENA, J. A. (1995): *El complemento circunstancial*. Madrid: Arco/libros. 74 p.
- POTTIER, B. (1993): *Semántica general*. Madrid: Gredos. 243 p.
- PRIMUS, B. (1999): *Cases and thematic roles*. Tübingen: Niemeyer. 285 p.

- RAE (1983): *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe. 592 p.
- REGUEIRA, X. L. (2001): «A construción causativa *facere* + infinitivo na gramática funcional». VEIGA, A / REGUEIRA, X. L. (ed.): *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, *Verba*, anexo 49, p. 209-223.
- SÁNCHEZ LÓPEZ, C. (2002) (ed.): *Las construcciones con se*. Madrid: Visor. 412 p.
- SACO E ARCE, J. A. (1967<sup>2</sup>): *Gramática gallega*. Lugo: imp. de Soto y Freire / Ourense: graf. Tanco. 259 p.
- SONG, J. J. (1996): *Causatives and causation. A universal typological perspective*. London / New York: Longman. 295 p.
- SOTO ANDIÓN, X. (2000): «Algunhas estruturas de verbo causativo en galego moderno», ENGLEBERT, A. et al. (ed.): *Actes du XXII<sup>e</sup> congrès international de linguistique et philologie romanes*. Vol. VI, Tübingen: Max Niemeyer Verlag, p. 467-480.
- THIEROFF, R. (2000): «On the areal distribution of tense-aspect categories in Europe», DAHL, O. (ed.), *Op. Cit.*, p. 265-305.
- VAN VALIN, J. R. / R. J. LAPOLLA (1997): *Syntax. Structure, Meaning and Function*. Cambridge: Cambridge University Press. 713 p.
- VÁZQUEZ Cuesta, P. / M. Albertina MENDES DA LUZ, (1971): *Gramática da língua portuguesa*. Lisboa: Edições 70. 702 p.
- VENDLER, Z. (1967): «Facts and events». *Linguistics in philosophy*, Ithaca: Cornell University Press, p. 122-146.
- VILELA, M. (1999<sup>2</sup>): *Gramática da língua portuguesa*. Coimbra: Livraria Almedina. 381 p.

## RÉSUMÉ

Cet article a pour but d'étudier les principaux paramètres sémantiques sur lesquels se basent une description et une analyse des constructions intransitives. Nous commençons par exposer une conception déterminée de l'intransitivité et, à partir d'un cadre théorique basé sur la *construction* qui associe les dimensions syntactiques, sémantiques et lexicales, nous délimitons celles qui sont, à notre avis, des constructions intransitives. Puis, nous abordons les différents paramètres sémantiques à prendre en considération pour l'étude de ces structures. L'importance plus ou moins grande de ces paramètres variera en fonction des objectifs recherchés par les études réalisées. Nous nous proposons d'apporter un peu de lumière sur une question capitale de la grammaire et de la linguistique actuelles à savoir la délimitation, la description et l'analyse des constructions intransitives.

MOTS CLÉS: intransitive, construction, analyse, paramètres sémantiques.

## ABSTRACT

The aim of this article is to study the principal semantic parameters that serve as the basis of a description and analysis of intransitive constructions. I begin by expounding an established conception of intransitivity and, starting from a theoretical framework based on the con-

struct that links the syntactic, semantic and lexical dimensions, I isolate those that, in my opinion, are intransitive. Then I deal with the different semantic parameters to take into consideration when studying these structures. The greater or lesser importance of these parameters will vary according to the aims of the study. My intention is to cast some light on a question of capital importance in modern grammar and linguistics, namely, the delimitation, description and analysis of intransitive constructions.

**KEY WORDS:** intransitivity, constructions, analysis, semantic parameters